




SUBIDA AO MOSTALLAR

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 12 km (ida e volta)

Dificultade: media (alta no tramo final)

Duración: 8 horas



Pinguicula, unha planta das brañas que captura pequenos insectos.



O Mostallar desde a cabana dos Extremeños




A liña de cumes do Ancares entre Galicia e León (de Mostallar a Tres Bispos)

Unha camiñada de montaña que nos vai permitir gozar dunha espléndida paisaxe e de fermosas panorámicas dos cumes dos Ancares galegos e leoneses, así como dunha rica flora e fauna das brañas, de prados de montaña e de matogueira. A mellor época é a finais de primavera e comezos de verán.

A ruta parte da igrexa de Piornedo, no fondo da vila. Séguese o camiño que ascende sen coller ningún desvío e levando sempre á esquerda a Penalonga, crúzase o río e chégase á zona chan da Campa Redonda. Continúase subindo ata as ruínas das cabanas dos Extremeños e logo polo sendeiro que se desvía á esquerda pola Golada do Porto (entre a Penalonga e o Mostallar) e ao chegar ao tendido de arames ascéndese ata o cume por unha encosta moi forte.



Vista desde o Mostallar sobre o Val de Piornedo.



Xenebreiro, preto do cume do Mostallar. Forma pequenas moutas apegadas ao chan.